



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Urbanismo. Sección de Planeamento e Xestión

Corrección de erro aritmético na aprobación definitiva do Proxecto de expropiación por taxación conxunta para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías no sistema xeral SU-3 do PXOM (fase I)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 23 de outubro de 2023 adoptou o seguinte acordo: aprobación definitiva do Proxecto de Expropiación por taxación conxunta para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM.

No cadro de valoracións que figura no acordo de aprobación definitiva detectouse un erro aritmético na suma total dos valores sinalados para a parcela nº 14. Esta rectificación non afecta ao contido da respectiva folla de aprezo, nin tampoco ao valor total da expropiación.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela na sesión que tivo lugar o día 17 de novembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Corrixir o erro aritmético na suma total dos valores sinalados para a parcela nº 14 que figura no acordo de aprobación definitiva do proxecto expropiatorio, de maneira que onde di 25.265,01 euros, debe dicir 23.265,01 euros”.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2023

O concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica

(RD. DEC/2023/8135 do 17 de xuño de 2023)

Asdo: Iago Lestegás Tizón.

2023/9782